


OUTRAS SUXESTIÓNS

DACOSTA, Marta, Baixo Miño, A Nosa Terra,- Viaxe polas terras dunha fronteira que une dous pobos e mantén vivo o patrimonio común...



LIAO, Jimmy, Escondese en un rincón del mundo.

Barbara Fiori Editora, 2010.- Álbum con magníficas ilustracións e un texto que nos leva a un mundo cheo de suxestión e imaxinación. Móstranse distintos lugares interiores nos que se refuxian un neno e unha nena. Ao neno vémosto en situacións que evocan *O Principiño* ou *Charlie Brown*; á nena nun bosque saíndo dun armario como Lucy entrando no bosque nas *Crónicas de Narnia*.

VAL, Marga do, A cidade sen roupa ao sol, Espiral Maior, 2010.-

Poemario da nosa compañeira Marga que —como escribe o bibliotecario Rafael Sánchez— “pon a clareo moitas palabras, moitos recordos e vivencias, que espalladas polos recantos da vida, persoal e colectiva, precisaban dunha poeta que as rescatase do silencio”




CUNQUEIRO, Álvaro, Cartas ao meu amigo. Epistolario mindonense a Francisco Fernández del Riego. 1949-1961, Galaxia, 2003.-

A relación epistolar entre Cunqueiro (do que no 2011 celebramos o seu centenario) e don Paco del Riego (que acaba de deixarnos). Un deprimido e arrecantado Cunqueiro recibe cartas do seu amigo del Riego animándoo, entre outras cousas, a non descoidar o cultivo das letras galegas.



MATUTE, A. Mª., Aranmanoth, Destino, 2010.- A última Cervantes, baixo aspecto de novela, presenta un conto máxico, de estilo doce. A partir da experiencia vital de dous nenos, vai debullando as paixóns propias dunha persoa dende a infancia ata a prepuberdade e as reaccións ante o horror e a miseria medievais.



Bo Nadal!

Feliz Aninovo!



Número 23

Decembro 2010

B i b l i o t e c a x o r n a l

ADEUS, ANO DO LIBRO!

Finaliza un ano consagrado en Galicia ao Libro e á Lectura; dicimos adeus a unha celebración mais nunca diremos adeus aos libros e ás lecturas nin en Galicia nin en ningures; antes foron, agora son e sempre seguirán sendo os libros e as lecturas a nosa compañía no traballo cotián e nas épocas de vacación; libros e lecturas en formato tradicional ou dixital; non importa a lingua nin o tamaño nin o contido, non importa o tema nin o autor; o importante é que tod@s poidamos e queiramos ler e compartir a lectura e agasallar con lecturas, por exemplo, nestas festas. Por se vos é útil o equipo de biblioteca fixovos esta pequena selección de títulos, con algún deles ou con calquera outro que sexa do voso agrado estamos tod@s convidad@s a ler neste ano que remata e tamén en todos os anos da nosa vida. Sigamos o exemplo de persoeiros que como o chorado don Paco Fdez. del Riego consideraron a lectura como “un dos meus grandes recursos” e nos seus últimos tempos o que peor soportaba era o non poder ler. Deixémonos levar polo último nobel de Literatura, del son estas verbas: “Somos construtores de pontes. Esas pontes están nos libros. A literatura é o mellor pasatempo do mundo. Anímanos a desexar unha vida máis rica. É o motor do progreso... traducir as palabras dos libros en imaxes, enriqueceu a miña vida, rompendo as barreiras do tempo e do espazo e permitíndome viaxar co capitán Nemo vinte mil leguas... A lectura convertía os soños en vida e a vida en soños e poñía ao alcance do homiño que eu era o universo da literatura...” Oxalá nestas festas descubramos e incrementemos o engado pola lectura!

1º e 2º da ESO




BOWLEY, Tim, O Rei Oso Branco e outros contos maravilhosos, Kalandraka.- Este libro de relatos presenta algúns dos mellores contos do británico Tim Bowley, ilustrados por Óscar Villán co seu inconfundible estilo. Contos do mundo, sobre reis e princesas, universos fantásticos e animais parlantes. Humor, medo, terror, viaxes imaxinarias, aventuras inauditas, personaxes inesquecibles.

SIERRA I FABRA, Jordi, El caso del falso accidente, Siruela, 2010.- A filla dun detective vítima dun frustrado asasinato continúa a investigación dos casos que estaba levando o seu pai. Segue a unha rapaza que marchara da casa, a un mozo toxicómano e a un coleccionista de arte. Na busca do asasino do seu pai métese en mundos complicados mais nunca se da por vencida.



CASTRO, Francisco, O segredo de Marco Polo, Galaxia, 2010.- Un segredo que non será descuberto ata o final da novela. Unha obra que recrea a Venecia do século XIII e que nos leva, da man de Marco Polo, a China e Mongolia; un Marco Polo que facilita a historia dun amor imposible entre un soldado mozo e unha princesa.

FUNKE, Cornelia, Reckless. Carne de pedra, Xerais, 2010.- Will cruzou o espello para ir tras o seu irmán Jacob que habita nun mundo máxico no que a maldición dunha fada sementa carne de pedra. Will transfórmase en xade e Jacob vai na procura dunha menciña para salvalo.




3º e 4º da ESO

MALZIEU, Mathias, La mecánica del corazón, Mondadori, 2009.- A Jack, fillo dunha prostituta, para salvalo colócanlle un reloxo de madeira, así o seu feble corazón aguantará sempre que, entre outras cosas, non se namore. Jack é desprezado polos outros mozos mais coñecerá a unha cantante e con ela vivirá as dozuras e os desgustos do amor.



DURRELL, Gerald, MI familia y otros animales, Alianza, 2008 (reedición).- Con ironía e humor negro, Durrell mistura falta de piedade e unha certa tenrura cara aos membros da súa familia que, sen elixilos, debe aturar. Un relato que pon ao mesmo nivel familia e animais.

MAYORAL, Marina, Quen matou a Inmaculada de Silva?, Xerais, 2009.- A orfa Etelvina de Silva descubre a súa vocación literaria na casa das súas tres tías avoas. Axudada pola súa curmá e por un compañeiro do instituto do que se namora investiga o pasado familiar: que pasou na casa cando morreron o fuxido Antón e a cazadora Inmaculada?, na ficción literaria e no amor sempre hai cabos soltos...



visible o invisible, quere guiarnos por eses mundos cheos de misterios e lendas.

REIGOSA, Antonio, Guía ilustrada da Galicia invisible, Xerais, 2010.- Existen en Galicia moitos lugares habitados por xentes anfibias e seres que deambulan entre o universo tanxible e o intanxible. Este libro, facendo visible o invisible, quere guiarnos por eses mundos cheos de misterios e lendas.

BACHARELATO


BARICCO, Alessandro, Emaús, Galaxia, 2010.- Un grupo de rapaces quedan engaiolados por unha moza cuxa personalidade e capacidade de atracción sexual vai condicionar o resto das súas vidas.



ZÚÑIGA, Iolanda, Vidas post-it, Xerais, 2010.- Rápidos e curtos relatos de tropezos na vida. Situacións cotiás guiadas pola incomunicación, a soidade, o desamor, o abismo, o sexo, a rutina, a violencia, a melancolía, as drogas, o medo e outras miserias que murchan, afoğan e desesperan.



MCCORMICK, Patricia, Vendida, S.M., 2007.- Relato en forma de diario íntimo da vida dunha nena nepalí de doce anos, unha vida dura e chea de traballos que dificultan a súa escolarización. Un día a súa familia queda na rúa e o padrastro véndea a un comerciante, ela pensa que vai facer tarefas de limpeza para axudar a súa familia mais, na realidade, o seu triste futuro vai ser o de traballar como escrava sexual.



SALAS, Carlos, La crisis explicada a sus víctimas, Áltera, 2009.- O autor de xeito ameno, claro e moi documentado compara a crise coa peste bubónica. A cobiza, a especulación e as malas políticas económicas son -para o xornalista Salas- as responsables da actual situación. Obra de fácil lectura que utiliza un ton divertido, satírico, humorístico e de denuncia.

